PAU 2026

ASPECTOS BÁSICOS

TODA A INFOMACIÓN DA PAU: CIUG

IES MENDIÑO – Departamento de orientación



PREVIO PAU

- Matrícula e Nerta

PAU

- Normas

POST-PAU

- Nerta: nota e convocatorias

PREVIO Á PAU

PREVIO Á PAU

DOCUMENTACIÓN QUE SE ENTREGA NA CARPETA

- IES MENDIÑO –
Departamento de orientación

PREVIO A PAU
Matrícula

SE TES ALGUNHA PRÓTESE , IMPLANTE AUDÍFONO, OU TES QUE LEVAR O TELÉFONO POR PRESCIPCIÓN MÉDICA (MÓBIL PARA DIABETES) TES QUE AVISALO NO MOMENTO DE FACER A MATRÍCULA

DURANTE A PAU

DURANTE A PAU

ACCESO

DESDE O INSTI

- Todos os días
- + info por abalar

POLA TÚA CONTA

Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo **

**NEAE: Facultade de Económicas

- IES MENDIÑO –
Departamento de orientación

DURANTE A PAU

NORMAS DE ACCESO XERAL

- **Entradas e saídas** do centro e da aula de xeito **ordenado**, en fila.
- Especial atención na **hora de presentación** do primeiro día e das probas.
  - O alumnado deberá estar presente ás 9:00 horas e acudir coa antelación suficiente a cada exame.

Se alguén se examina dunha materia distinta das que figuran na súa matrícula, o exame correspondente quedará anulado.

Cando esteades xa colocados na aula lembraranse de forma breve as normas.

DURANTE A PAU

NORMAS DE ACCESO Á AULA I

- **Acceder a pé** .Ascensores para uso das persoas que realmente os precisen.
- Chamaranvos de viva voz, individualmente, **identificado (DNI! DNI! DNI! DNI!).**

TEDES QUE ESTAR EN SILENCIO!

- Xa na clase:
  - Iredes ao **posto que vos manden**. Vanvos poñer por filas con ocos libres polo medio, tedes que respectalo.
  - De xeito xeral, debes **ocupar o mesmo posto en todos os exames** da proba.
  - Recibirás xogos de **etiquetas adhesivas** con código de barras. Debes levalas sempre contigo en bo estado, evitando o contacto co xel desinfectante ou con outros líquidos, que poden danalas e inhabilitar a súa lectura. En caso de perda ou deterioro, comunicalo á comisión delegada, que as repoñerá ou substituirá por unhas etiquetas de incidencias. **Non se recollerán exames sen as etiquetas correspondentes**

NORMAS DE ACCESO Á AULA II

DURANTE A PAU

- Unha vez no teu sitio deberás manter **despexados os pavillóns auditivos** para comprobación visual de que non levas dispositivos non autorizados. **CABELO RECOLLIDO**
- Unha vez che dean o exame, tes que permanecer, polo menos, **30 minutos na aula**. Transcorridos os 30 minutos, se te queres ir, entregas todo debidamente etiquetado, así como o folio cos enunciados do exame.
- Os exames deben ser entregados na man, non deben deixarse nas mesas.
- Ninguén poderá fotografar os enunciados dos exames, **nin difundir o seu contido durante a realización da proba** →Os exames serán colgados na páxina da CIUG ao concluír a quenda da mañá e ao remate da xornada.
- Haberá reloxos ben visibles para o control do tempo. Se non, informarase periodicamente do tempo que falta.
- Como os exames teñen que ser anónimos. **Non poderán presentar sinaturas, cores ou calquera marca que permita a identificación**.
    - O incumprimento desta norma →anulación do exame

DURANTE A PAU

Cousiñas que **DEBO** LEVAR

- Etiquetas.
- Documento de identificación (DNI, pasaporte, permiso de residencia, etc.)
- Resgardo de matrícula e xustificante de pagamento,
- Bolígrafo ou pluma de tinta indeleble azul ou negra.

Cousiñas que, se quero, PODO LEVAR

- Xel desinfectante
- Kleanex
- Bebida (auga ou refresco en botella transparente **sen etiquetado**).
- Mochila pechada, carteira ou bolsa de deporte, con todas as miñas pertenzas, incluídas comida e bebida.

DURANTE A PAU

MATERIAL ESPECÍFICOS QUE PODO LEVAR PARA FACER OS EXAMES

- **Dicionario latín/español ou galego** para o exame de Latín II, con apéndice gramatical, pero sen páxinas de contidos literarios, que, no seu caso, deberán ser extraídas ougrampadas. Non está permitido ningún caderno solto nin ningún dicionario que non sexa orixinal.
- **Dicionario de grego/español ou galego** para o exame de Grego II, con apéndice gramatical. Non está permitido ningún caderno solto nin ningún dicionario que non sexa orixinal.
- **Material de debuxo, para** os exames que impliquen deseño,**debuxo técnico** ou artístico e técnicas gráfico-plásticas. Material indicado nas circulares, directrices e orientacións dos respectivos Grupos de Traballo.
- **Calculadora, sen capacidade de programación e sen capacidade gráfica**, para os exames de Matemáticas II, Matemáticas aplicadas ás ciencias sociais, Física, Química e Empresa e deseño de modelos de negocio. Os membros da comisión delegada poden comprobar se a calculadora cumpre os requisitos; de non ser así, será retirada e non poderá ser substituída por outra.

DURANTE A PAU

O alumnado **NON** poderá acceder á aula

- Con teléfono móbil, reloxo, pulsera ou calquera outro dispositivo electrónico **activados**. De darse o caso, poderá ser obxecto de medida disciplinaria (expulsión da aula, cualificación do exame con 0 puntos ou anulación total da proba).

- Con dispositivos de escoita non autorizados.

Consello:

Directamente **no o levedes ou levádeo apagado desde casa**, alí cos nervios pode que vos esquezades e…

- IES MENDIÑO –
Departamento de orientación

DURANTE A PAU

- En cada aula **haberá bolígrafos de substitución** a disposición. Os vogais serán encargalos de distribuílos e evitar o intercambio de material entre o vós.
- **A mochila**/ o que sexa deberás telo en todo momento contigo, facéndote responsable e dándolle uso correcto. Durante os exames deberás depositala **ao teu carón, á vista** dos vogais da comisión delegada.
- Ao final de cada exame, o alumnado deberá saír da aula de forma ordenada.
- Fóra da aula **non poderás permanecer nos corredores** e debes abandonar o centro. (SAL FORA)

DESPOISDA PAU

DESPOIS DA PAU

RECLAMACIÓNS

- Solicitar **ante a presidencia do tribunal cualificador,** nunha ou varias materias.
- Prazo de presentación: **3 días hábiles**, a partir da data de publicación das cualificacións.
- As probas serán analizadas:
  - 1º: verificar que todas as cuestións foron avaliadas e que non existen erros no proceso de cálculo.
  - 2º: 2º corrección por unha nova profesora ou profesor especialista distinto. Se a nota que pon diferenciase < 2puntos, farase unha media aritmética da dúas cualificacións.
  - Se hai unha diferencia ≥ 2puntos: unha 3º corrección por outro/a especialista distinto. A cualificación final será a media aritmética das tres.

Sopesar o risco porque a nota pode subir ou baixar. O ano pasado no 30% a nota foi mellor, pero nun 10% foi peor. O 60 % mantivo a nota que tiña.

DESPOIS DA PAU

5
diferentes

10
se hai repetidas

PETICIÓNS

FUNDAMENTAL A ORDE DE PREFERENCIA!

DESPOIS DA PAU

VIDEO EXPLICATIVO

VIDEO EXPLICATIVO DO CURSO PASADO, PERO MOI CLARIÑO

Evidentemente, como o fai un da USC, todo está orientado á USC, pero trata de extrapolalo á UDC e UV

DESPOIS DA PAU

Preguntas frecuentes sobre Acceso

- IES MENDIÑO –
Departamento de orientación

DESPOIS DA PAU

Chamamentos de Matrícula nas Universidades do SUG 2025

Convocatoria	Prazo	Data listaxe		Datas de Matrícula	Mes
Ordinaria	1º	8		9 – 10	**Xullo**
	2º	14		15 – 16	
	3º	18		19 – 21	
Ordinaria - Extraordinaria	4º	24		25 – 28	
	5º	29		30 – 31	
	6º	3		4 – 5	**Setembro**
Convocatorias por Vacantes (datas orientativas)	7º	10		11 - 12	
	8º	24		25 - 26	
	9º	10		11 - 13	**Outubro**

CONVOCATORIA POR VACANTES (14 xullo a 15 de outubro)**:**

No caso de que se produzan vacantes en titulacións xa pechadas convocarase ao estudantado que lle corresponda, aínda que xa estean matriculados noutra titulación, para matricularse nos prazos de matrícula ordinarios (2ª, 3ª, 4º, 5º e 6º) ou nas convocatori as específicas (7ª, 8º, 9º,).

- IES MENDIÑO –
Departamento de orientación

DESPOIS DA PAU

LEMBRA, IMPORTANTE!

- En Nerta sáeche a nota mesmo por graos, lembra que pode variar en función das ponderacións.
- Haberá chamamentos cada pouco e se actualizará o estado das túas solicitudes.

LEMBRA QUE TES QUE CONFIRMAR A LISTA DE ESPERA EN CADA CHAMAMENTO!

- Cando te chamen para matricularche nun grao, tes que mirar como están os que tes diante. Non matricularse ata que os anteriores figuren como pechados.
- Cando estean pechadas as anteriores, hai que matricularse na que che chamaron en 2 días. Se non o fas, perdes os dereitos.
- Unha vez matriculado, liberas o graos que tes colocados por detrás e por diante do que che matriculas.
- Máis adiante pode haber chamamentos por vacantes se queda unha baixa nun grao pechado (por exemplo, un alumno que se vai a outra universidade). Se xa estás matriculado e te chaman para unha vacante, a universidade anula a matrícula para que poidas matricularche na vacante.

DESPOIS DA PAU

LEMBRA, IMPORTANTE!

UNHA VEZ ESTEAS CONVODADO NO GRADO QUE TE INTERESE

MATRICÚLASTE NA PÁXINA WEB DE CADA UNIVERSIDADE

TES QUE ASEGURARTE NESTE MOMENTO QUE CUBRES TODAS AS PÁXINAS E QUE AO FINALIZAR TE POÑA ALGO PARECIDO A MATRICULA REALIZADA CORRECTAMENTE

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ENLACE PARA A MATRÍCULA

UniversidadeVigo

ENLACE PARA A MATRÍCULA

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

ENLACE PARA A MATRÍCULA

- IES MENDIÑO –
Departamento de orientación

DESPOIS DA PAU

NOUTRA COMUNIDADE AUTÓNOMA

- Terás que **descargarte de NERTA o certificado** das túas notas da PAU.
- No ORIENTA tes os accesos as diferentes comunidades. LIGAZÓN
  - ENTRAR-> PORTA DE INFORMACIÓN (abaixo a dereita) -> Preinscipción Uni
- Lembra que poden cambiar as ponderacións por comunidade. LIGAZÓN

MOITO ÁNIMO, FORZA E XUSTIZA!

IES MENDIÑO – Departamento de orientación